



**TRÁMITE PARA CONSTITUCIÓN DE DEPÓSITOS E GARANTÍAS EN METÁLICO ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA C.A. DE GALICIA DURANTE LA VIXENCIA DAS MEDIDAS RESTRICTIVAS Á MOBILIDADE DERIVADAS COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA .**

Durante a vixencia das medidas restrictivas á mobilidade derivadas da declaración do estado de alarma, habilítase un procedemento excepcional para a constitución de depósitos ou garantías en metálico ante Caixa Xeral de Depósitos.

**-Condicións de presentación:**

- Para a constitución dun depósito ou garantía en metálico ante a Caixa xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, o interesado efectuará o ingreso do importe que corresponda na conta co **IBAN ES82 2080 0300 8731 1006 3172** de titularidade da Xunta de Galicia na entidade de crédito ABANCA.

- A continuación se enviará ao correo electrónico da Caixa Xeral de Depósitos: [caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es](mailto:caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es) a seguinte documentación:

1- Xustificante da transferencia efectuada a favor da Xunta de Galicia no que se figure o ordeante e o motivo do ingreso.

2- Solicitud do interesado da constitución do depósito ou garantía pola Caixa Xeral de Depósito indicando:

- NIF do propietario do efectivo
- Norma que impón a constitución da garantía, de sé lo caso.
- Finalidade: Descrición da obriga garantida.
- Órgano administrativo a disposición do que se constitúe.

**. Constitución:**

Comprobado que se cumpren os requisitos necesarios, a Caixa Xeral de Depósitos expedirá un resguardo acreditativo da constitución da garantía, asinado dixitalmente, que se enviará ao correo electrónico que o interesado indique na súa solicitude.

**. Cancelación:**

De acordo coa normativa reguladora das obrigas garantizadas, o órgano administrativo a disposición do que se constituíu o depósito ou garantía, ditará orde cancelación que enviará a Caixa Xeral de Depósitos por rexistro electrónico.

Tramitada a cancelación, a Caixa Xeral de Depósitos efectuará a devolución do importe mediante transferencia bancaria á conta indicada polo interesado.